

# CASTRO DE PUNTA DOS PRADOS

## Localización:

Atópase no concello de Ortigueira (A Coruña), na parroquia de San Xoán de Espasante.



22

**Castro:** Castro de Punta Dos Prados

**Localidade:** Ortigueira (A Coruña)

**Data escavación:** 1987-1992



## Algunha característica especial:

O elemento máis importante atopado no castro é o Monumento con Forno ou Pedra Fermosa, do tipo de construcións hipoxeas atopadas nos grandes castros da zona portuguesa, e un dos poucos exemplos da zona galega xunto co de "Augas Santas" en Allariz.

## Descrición do castro:

A súa planta distribúese en adro, cámara, antecámara e forno, e crese que o seu uso era como balneario de vapor, e a pedra fermosa era o sistema de acceso.

O único acceso por terra ao sitio arqueolóxico conta cun sistema defensivo composto de dous foxos intercalados por dúas murallas e un parapeto case desaparecido.

23

